REGULAMENTO DA IX CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO: MEMORIAL QUIQUE CASANOVA

IX carreira popular
ARUMES do CORGO
MEMORIAL
QUIQUE CASANOVA

CATEGORÍAS, HORARIOS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	ANO DE NAC.	HORA	DIST.
Prebenxamín (H/M)	2010 e post.	10:30 h	320 m
Benxamín (H/M)	2008-2009	10:35 h	320 m
Alevín (H/M)	2006-2007	10:40 h	1800 m
Infantil (H/M)	2004-2005	10:40 h	1800 m
Cadete (H/M)	2002-2003	11:00 h	3550 m
Xuvenil (H/M)	2000-2001	11:00 h	3550 m
Iúnior (H/M)	1998-1999	11:30 h	5300 m
Promesa (H/M)	1995-1997	11:30 h	5300 m
Senior (H/M)	1983-1994	11:30 h	5300 m
Veteranos 1 (H/M)	1973-1982	11:30 h	5300 m
Veteranos 2 (H/M)	1963-1972	11:30 h	5300 m
Veteranos 3 (H/M)	1962 e ant.	11:30 h	5300 m

Concello do Corgo

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

PREMIOS

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (diferenciando homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.
- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Iúnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.
- Carreira absoluta (5300 m):
  - Primeiro: 100 €
  - Segundo: 75 €
  - Terceiro: 50 €

  Diferenciaranse homes e mulleres.
- Entregarase unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.
- Entregarase un trofeo ao participante máis novo e ao de máis idade

A entrega de premios será en fronte do CEIP do Corgo e comezará, aproximadamente, ás 12:15h.

INSCRICIÓN E CONTROL DA CARREIRA

Os dereitos de inscrición para as categorías inferiores son gratuítos (de prebenxamín a xuvenil). Na carreira absoluta (5300 m) cobrarase 3€ por participante.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadroamento, teléfono móbil, teléfono fixo, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como independente ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza.

Hai que realizar a inscrición a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo:

http://www.carreirasgalegas.com

O control de tempos levarase a cabo dun xeito electrónico e supervisado polo Comité Galego de Xuíces e a FGA.

O último día para facer a inscrición será o xoves, día 19 de outubro ás 13:00 h. Excepcionalmente permitirase a inscrición no mesmo día da carreira, cun custo de 10€ participante.

Ante calquera dúbida relacionada coa inscrición da proba, chamar a 626 73 93 90.

NORMAS PARA OS PARTICIPANTES

- A IX Carreira Popular Arumes do Corgo: Memorial Quique Casanova é unha proba oficial da Federación Galega de Atletismo.
- O idioma empregado pola organización da proba deportiva, tanto a nivel oral como escrito, será o galego.
- Non se autorizará a participación de atletas estranxeiros, agás os portugueses que non foran internacionais co seu pais.
  A participación de atletas extranxieros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artiglo 3.4. do "Reglamento para as competicións da tempada de ca campo a través, marcha, carreiras en cestrada e reunións de pista cuberta e aire libre" da tempada 2017-2018.
  Máis información de esta norma en:
  http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf
- A recollida do dorsal para disputar a carreira, poderá facerse o día da proba no posto da organización dende as 9:30 h ata ½ hora antes do inicio da carreira correspondente.
- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
  - ❖ Non respectar as indicacións dadas pola organización.
  - ❖ Non realizar todo o circuíto da carreira.
  - ❖ Non levar dorsal ou manipular este.
  - ❖ Falsificar datos persoais.
- Os participantes que circulen fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da proba considerararanse usuarios normais da vía, e non lles será aplicado esta normativa especial.
- Todos os participantes que obteñan premios nas diferentes categorías deberán, se for preciso, presentar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da idade correspondente á categoría.
- A organización da proba non se fai responsábel dos danos morais e materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así coma das neglixencias o imprudencias que poidan cometer durante o transcurso da mesma.
- As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen (informando oportunamente).
- Todos os participantes teñen a obriga de cumprir as normas particulares do regulamento da proba.
- Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

SERVIZOS PARA OS PARTICIPANTES

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira (ver plano):

1. Aparcadoiro gratuíto (ata ocupación das prazas existentes).
2. Cuartos de baño na zona de saída-chegada.
3. Recollida de dorsais, imperdíbeis e chips.
4. Vestiarios e duchas no pavillón municipal.
5. Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
6. Zona de lecer para nenos.
7. Área recreativa (zona axardinada, merendeiro...).
8. Ambulancia con médico (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

Organiza: Asociación Cultural Arumes do Corgo (correo-e: arumescorgo@gmail.com; teléfono: 626 73 93 90; sitio web: http://arumescorgo.blogspot.com).

Colabora economicamente: Concello do Corgo.

Colabora tecnicamente: Federación Galega de Atletismo (Delegación de Lugo).

Outros colaboradores: Coca Cola, Club de Atlet. Arumes-Área 10, Centro de Estudos do Corgo, Protección Civil de Lugo, Subdelegación do Goberno.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña